



O RD 1892/2008, do 14 de novembro, modificado polo RD 558/2010, do 7 de maio, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas establece que: *“poderán acceder por esta vía os candidatos con experiencia laboral e profesional, en relación con unha ensinanza, que non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías e cumpran ou teñan cumprido 40 anos de idade antes do día 1 de outubro do ano de comezo do curso académico. Este acceso realizarase só para unhas ensinanzas concretas”*. Para isto , as memorias dos graos verificados consonte o RD 1393/2007 do 29 de outubro, deberán incluír os criterios de acreditación e ámbito da experiencia laboral e profesional para cada ensinanza. Entre estes criterios terá que incluírse a realización dunha entrevista persoal co solicitante.

Tendo en conta o que establecen as memorias dos títulos de Grao da USC e esta normativa, o Consello de Goberno, na súa reunión do 23 de marzo de 2011, *acorda aprobar o Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para as persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral e profesional e non teñan titulación habilitante.*

E por isto que, co fin de poñer en marcha o procedemento legal de acceso previsto que,

#### ESTA REITORÍA RESOLVE:

##### Artigo 1. Obxecto da convocatoria

- 1.1.A presente convocatoria regula as probas para o acceso ó curso 2012-2013 ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao das persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral e profesional e non teñan título oficial de acceso á universidade, consonte ao establecido no RD 1892/2008.
- 1.2.A superación das probas facultará para o ingreso aos estudos de grado desta universidade se os devanditos estudos non teñen límite de prazas, e para concorrer ao proceso de asignación das prazas reservadas para os maiores de 40 e 45 anos.
- 1.3.Unha vez superadas as probas de acceso, os candidatos poden presentarse en sucesivas convocatorias coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Para os efectos de ingreso na titulación solicitada, tomarase en consideración a maior das cualificacións obtidas.

##### Artigo 2. Requisitos

As persoas maiores de 40 anos de idade que desexen presentarse ás probas deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos 40 anos antes do 1 de outubro do ano natural no que comeza o curso para o que se

solicita o acceso.

b) Non posuír ningunha titulación oficial para acceder á universidade por calquera vía de acceso.

c) Acreditar experiencia laboral e profesional en relación coa ensinanza universitaria oficial do grao para o que se solicita o acceso consonte se detalla no anexo, mediante a presentación das **ACREDITACIÓNS OFICIAIS DE UNIDADES DE COMPETENCIA** e niveis expedidas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. A devandita acreditación poderá presentarse xunto coa matrícula na titulación de Grao e, en todo caso, antes do prazo de finalización do período ordinario de matrícula nas titulacións de Grao.

**A non presentación da devandita acreditación será causa de exclusión da convocatoria e de anulación da matrícula en estudos de Grao que puidera ter feito o interesado.**

d) Superación dunha entrevista persoal de adecuación da experiencia ao perfil de estudos solicitados.

### Artigo 3.- Solicitude, prazo e prezos públicos

3.1. Os/as interesados/as deberán dirixir unha solicitude ao reitor cumprimentando os datos e o currículo que se achegan como anexos a esta resolución e presentalos **do 14 ata o 30 de maio** no **Servicio de Xestión Académica (Pavillón Estudantil – 15782 Campus Vida – Santiago de Compostela)** ou na **Vicexerencia do Campus de Lugo (Edif. Biblioteca intercentros – 27002 Campus Universitario – Lugo)**.

A solicitude incluírá unha declaración xurada de non posuír título oficial que lle faculte para o acceso á Universidade.

Na solicitude deberase incluír un enderezo de correo electrónico, que será o medio preferente utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se deriven deste proceso. Tamén se deberá incluír un número de teléfono móbil de contacto para a recepción da posible comunicación por SMS. De non ser posible a comunicación por algún destes medios, a comunicación farase a través do taboleiro de anuncios do Servizo de Xestión Académica.

**No momento da presentación da solicitude xerarase o impreso de liquidación para o ingreso dos prezos públicos de matrícula. O interesado, unha vez abonados remitirá copia do ingreso ao lugar onde presentou a solicitude.**

3.2. Só se poderá solicitar a participación para unha única ensinanza universitaria de grao en cada convocatoria. Extraordinariamente poderá autorizarse a participación en máis dunha titulación se as datas da Segunda Fase (entrevista), non son coincidentes.

3.3. Xunto coa solicitude, os solicitantes entregarán:

- as **ACREDITACIÓNS OFICIAIS DE UNIDADES DE COMPETENCIA** e niveis expedidas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa relacionadas coa titulación solicitada consonte o disposto no anexo da convocatoria.

A devandita acreditación poderá presentarse xunto coa matrícula na titulación de Grao e, en todo caso, antes do prazo de finalización do período ordinario de matrícula nas titulacións de Grao.

- a xustificación da redución ou exención dos prezos (de ser o caso)
- copia do DNI ou pasaporte.

**3.4.** Os solicitantes achegarán a documentación acreditativa da experiencia laboral e o currículo que se establece nesta convocatoria ao tribunal do centro correspondente no caso de serlles requirido.  
**Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos do currículo que poida inducir a facer unha valoración do expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula e de todas as actuacións posteriores cando proceda, e a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas ao marxe doutras responsabilidades que puideran derivarse.**

**3.5.** Consonte o establecido para as probas de acceso á universidade no Decreto 115/2010 de 8 de xullo da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, os candidatos deberán abonar a cantidade de **63.67 €**.

Estarán exentos total ou parcialmente do pago os solicitantes que se acollan ao beneficio da Lei de protección das familias numerosas, sempre que o seu correspondente título acreditativo estea vixente no prazo ordinario de matrícula.

Asemade, estarán exentos do pagamento de prezos públicos de matrícula os que estean nalgún dos seguintes casos, recoñecidos legalmente:

**Discapacidade.** Os que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. Deberán presentar o documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de minusvalía.

**Vítimas de actos terroristas.** Será de aplicación ás vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas.

Esta condición acreditarase de conformidade co disposto no artigo 4 bis, apartado 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, que deberá estar en vigor no prazo de matrícula.

**Violencia de xénero.** Será de aplicación ás persoas que sofren violencia de xénero, así como aos seus fillos.

Esta situación acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar
- b) Sentenza de calquera orde xurisdicional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero
- c) Certificación dos Servizos Sociais e/ou Sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou Local
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia
- f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social
- g) Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente

Os **beneficiarios das axudas e subvencións** para o persoal das universidades da Coruña e Vigo .

**Outras exencións.** Aplicaranse outras exencións que estean reguladas por disposicións normativas da Comunidade Autónoma de Galicia ou estatais.

#### Artigo 4. Estrutura e cualificación da proba

4.1. Coa finalidade de avaliar a experiencia laboral e profesional, a presente convocatoria estrutúrase en dúas fases: fase de valoración da experiencia laboral e currículo (en diante Primeira Fase); e fase de entrevista (en diante Segunda Fase).

A puntuación en cada unha delas será de 0 a 10 puntos.

4.2. Con carácter previo á avaliación, os tribunais deberán publicar os criterios de valoración que deberán adecuarse en todo caso aos establecidos con carácter xeral nos parágrafos seguintes.

4.2.1. **Criterios para a avaliación da Primeira Fase:** deberán considerarse os seguintes apartados:

a) **Experiencia laboral e profesional** en actividades directamente relacionados ou que sexan afíns aos estudos solicitados e sexa debidamente acreditado. Esta acreditación, poderá facerse mediante o contrato de traballo ou nomeamento, vida laboral ou outros medios probatorios admitidos en Dereito, e deberá indicar as funcións do posto, ou postos ocupados, tempo de dedicación, nivel de competencia e presentar a certificación oficial dos períodos de cotización aos sistemas públicos de previsión social. A valoración deberá expresarse mediante cualificación numérica con dous decimais de 0 a 6 puntos. Para estes efectos deberá utilizarse o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (Instituto Nacional de Cualificacións) mediante o que se establece a afinidade entre as familias profesionais, o nivel de cualificación e as titulacións de Grao da USC, de acordo co ANEXO.

b) **Formación:** poderá acadarse un máximo de 2 puntos, debendo puntuar a Titulación de Técnico de Formación Profesional ou equivalente en ciclos formativos de grao medio directamente relacionados coa titulación (Segundo o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais), e a formación continua ou cursos de formación recibida con contidos relacionados coa titulación solicitada e que poidan ser acreditados por centros ou organismos oficiais. A puntuación será de 1 punto polo título de Técnico/a de Formación Profesional ou ciclos formativos de grao medio e 0,01 puntos por hora nos cursos de formación. Non poderá valorarse o mesmo curso máis dunha vez; no caso de ter varias edicións só se valorará a última.

c) **Galego:** O coñecemento acreditado da Lingua Galega valorarase con 1 punto o nivel máis alto.

d) **Outros méritos:** O coñecemento acreditado de Idiomas comunitarios valorarase con 1 punto. Neste apartado tamén se poderán valorar aspectos relacionados coas competencias do grao ao que se opta tales como: coñecementos informáticos postos de traballo desenvolto, mobilidade, etc. sempre que non se tiveran en conta noutros apartados.

Para superar a Primeira Fase deberá obterse unha puntuación mínima de 4 puntos

4.2.2. **Criterios para a avaliación da Segunda fase.-** So poderán acceder a ela os que superen a Fase de valoración da experiencia laboral e currículo. A duración máxima da entrevista deberá determinarse previamente polo Tribunal.

Na avaliación da entrevista persoal deberá considerarse: a expresión oral, a adecuación dos seus coñecementos e competencias ás dos estudos solicitados, a motivación, etc. A cualificación da entrevista non poderá superar os 10 puntos, e para superar a Segunda Fase será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 4 puntos.

4.3. **Cualificación final:** será a media aritmética das puntuacións obtidas na Primeira e Segunda Fase. Considérase superado o acceso cando a cualificación final sexa igual ou superior a 5 puntos.

A publicación da resolución cos resultados farase na páxina web da USC e nos taboleiros de anuncios do Servizo de Xestión Académica (Sección de Admisión e Xestión), así como no lugar dos exames.

#### Artigo 5.- Calendario de celebración das probas

- 5.1. **Publicación dos tribunais.**- O 5 de xuño farase público nomeamento e composición dos tribunais.
- 5.2. **A primeira fase** de valoración da experiencia profesional e dos currículos terá lugar do **6 de xuño** ao día 14 de xuño.
- 5.3. **14 de xuño publicación dos resultados** da primeira fase nos centros respectivos e na web
- 5.4. **A segunda fase**, as entrevistas celebraranse entre o **20 e 28 de xuño** nas datas e horario concreto para cada candidato que se farán publicas xunto coa publicación das cualificacións da primeira fase.
- 5.5. **28 de xuño publicación das cualificacións da segunda fase e das cualificacións finais.**
- 5.6. Prazo de presentación de reclamacións contra as valoracións ata o **5 de xullo.**
- 5.7. Publicación das cualificacións definitivas tras a revisión **17 de xullo.**

#### Artigo 6.- Tribunais cualificadores

Consonte o regulamento aprobado no Consello de Goberno, o reitor da USC nomeará un tribunal para cada un dos centros. O Tribunal será o responsable de cualificar, ao abeiro desta convocatoria, aos candidatos/as que se presenten ás titulacións de grao que organiza cada centro.

Formarán parte do Tribunal

- O decano ou persoa na que delegue que actuará de presidente e dous profesores que deberán ter como mínimo cinco anos de experiencia docente avaliados positivamente. Destes profesores, un actuará como secretario do Tribunal.
- O Centro poderá designar dous profesores suplentes cos mesmos requisitos indicados no apartado anterior.

A súa composición deberá ser equilibrada entre homes e mulleres. No caso de centros que xestionen varias titulacións, os membros do Tribunal poderán ter un maior número de vogais (debendo ser o número total de membros impar) ou ben constituír máis dun tribunal.

Os membros dos Tribunais deberán absterse ou poderán ser recusados polos interesados cando concorran neles as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 7.- Reclamacións

Os/as solicitantes poderán reclamar de forma motivada respecto da cualificación outorgada perante o presidente do Tribunal. O prazo de presentación destas reclamacións será de cinco días hábiles, contados dende a data de publicación das cualificacións.

O escrito coa reclamación presentarase no mesmo lugar que a solicitude de matrícula no prazo establecido.

Transcorrido o prazo para a presentación das reclamacións, e logo da súa resolución motivada do Tribunal, publicarase a resolución definitiva coas cualificacións. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse o correspondente recurso perante o reitor.

**Disposición adicional.**- Anexo a esta convocatoria publícase a adscrición das familias profesionais ás ramas de coñecemento do RD 1393/2007 do 29 de outubro e a táboa coas familias profesionais e o nivel das cualificacións de acceso aos graos .

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2012

O REITOR,



Juan Casares Long

## ANEXO

Adscripción das familias profesionais ás ramas de coñecemento do RD 1393/2007 do 29 de outubro

Familia Profesional	Rama de coñecemento
Actividades Física e deportivas	Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas
Administración e Xestión	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Agraria	Ciencias Ciencias da Saúde Enxeñaría e Arquitectura
Artes Gráficas	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Artes e Artesanías	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Comercio e Mercadotecnia	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Edificación e Obra civil	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Electricidade e Electrónica	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Enerxía e Auga	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Fabricación Mecánica	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Hostalaría e Turismo	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Imaxe Persoal	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas
Comunicación imaxe e son	Artes e Humanidades Ciencias Sociais e Xurídicas Enxeñaría e Arquitectura
Industrias Alimentarias	Ciencias Ciencias da Saúde Enxeñaría e Arquitectura
Industrias extractivas	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Informática e comunicacións	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Instalacións e Mantemento	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Madeira Moble e Cortiza	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Marítimo Pesqueira	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura

Familia Profesional	Rama de coñecemento
Química	Ciencias Ciencias da Saúde Enxeñaría e Arquitectura
Sanidade	Ciencias Ciencias da Saúde
Seguridade e Medio Ambiente	Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Artes e Humanidades Ciencias da Saúde Ciencias Sociais e Xurídicas
Téxtil, Confección e Pel	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Transporte e Mantemento de Vehículos	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura
Vidro e Cerámica	Ciencias Enxeñaría e Arquitectura

ANEXO

Táboa coas familias profesionais e o nivel das cualificacións de acceso aos graos

Código	Grao	Familia profesional e nivel mínimo de cualificacións	Niveis
G3071V01	GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	Administración e Xestión Comercio e Márketing	2 e 3
G3101V01	GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS [L]	Administración e Xestión Comercio e Márketing	2 e 3
G1021V01	GRAO EN BIOLOXÍA	Industrias alimentarias Química Sanidade Seguridade e Medio Ambiente	3 2 e 3 2 e 3 2 e 3
G3011V01	GRAO EN CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACIÓN	Todas as familias e as cualificacións de niveis 3	3
G5101V01	GRAO EN CIENCIAS DA CULTURA E DIFUSIÓN CULTURAL [L]	Administración e Xestión Artes Gráficas Comercio e Marketing Hostalería e Turismo Comunicación, imaxe e son Servizos Socioculturais e á Comunidade	2
G3041V01	GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	Actividades Físicas e Deportivas Administración e Xestión Artes Gráficas Comercio e Marketing Hostalería e Turismo Imaxe Persoal Comunicación, Imaxe e Son Seguridade e Medio Ambiente Servizos Socioculturais e á Comunidade	3
G3161V01	GRAO EN DEREITO	Administración e Xestión	3
G3061V01	GRAO EN ECONOMÍA	Administración e Xestión Comercio e Márketing	2 e 3
G3091V01	GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Comunicación, Imaxe e Son	2 e 3
G2021V01	GRAO EN ENFERMARÍA	Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade	2 e 3

Código	Grao	Familia profesional e nivel mínimo de cualificacións	Niveis
G2031V01	GRAO EN ENFERMARÍA [L]	Sanidade (niveis 2 e 3) Servizos Socioculturais e á Comunidade	2 e 3
G4061V01	GRAO EN ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E DO MEDIO RURAL [L]	Agraria Electricidade e electrónica Enerxía e auga Fabricación mecánica Marítimo pesqueira Transporte e mantemento de vehículo	2 e 3
G4041V01	GRAO EN ENXEÑARÍA CIVIL [L]	Edificación e obra civil Enerxía e auga Industrias extractivas	3
G4081V01	GRAO EN ENXEÑARÍA DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS [L]	Agraria Electricidade e electrónica Enerxía e auga Industrias alimentarias Instalacións e mantemento Marítimo pesqueira Transporte e mantemento de vehículo	2 e 3
G4051V01	GRAO EN ENXEÑARÍA EN XEOMÁTICA E TOPOGRAFÍA [L]	Edificación e obra civil Enerxía e auga	3
G4071V01	GRAO EN ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL [L]	Agraria Electricidade e electrónica Enerxía e auga Madeira, moble e corcho Marítimo pesqueira Química	2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2
G4031V01	GRAO EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS [L]	Edificación e obra civil Electricidade e electrónica Enerxía e auga Fabricación mecánica Instalación e mantemento Química Vidro e cerámica	3
G4011V01	GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	Comunicación, imaxen e son Informática e comunicacións	3 2
G4021V01	GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA	Industrias alimentarias Instalación e mantemento Química Vidro e cerámica	3
G2081V01	GRAO EN FARMACIA	Sanidade	2 e 3
G5071V01	GRAO EN FILOLOXÍA CLÁSICA	Todas as familias e as cualificacións de niveis 2 e 3	2 e 3
G5031V01	GRAO EN FILOSOFÍA	Todas as familias e as cualificacións de niveis 3	3

Código	Grao	Familia profesional e nivel mínimo de cualificacións	Niveis
G1031V01	GRAO EN FÍSICA	Agraria Edificación e Obra civil Electricidade e Electrónica Enerxía e Auga Fabricación Mecánica Industrias Alimentarias Industrias Extractivas Informática e Comunicaci3ns Instalaci3ns e Mantemento Madeira, Moble e Cortiza Marítimo Pesqueira Química Sanidade Téxtil, Confecci3n e Pel Transporte e Mantemento de Vehículos Vidro e Cerámica	2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3
G5011V01	GRAO EN HISTORIA DA ARTE	Administraci3n e xesti3n Artes gráficas Hostalaría e Turismo Comunicaci3n imaxe e son Servizos socioculturais e á comunidade	2
G5021V01	GRAO EN HISTORIA	Administraci3n e xesti3n Artes gráficas Hostalaría e Turismo Comunicaci3n imaxe e son Servizos socioculturais e á comunidade	2
G5041V01	GRAO EN LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS	Todas as familias	2 e 3
G5051V01	GRAO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS	Todas as familias	2 e 3
G5061V01	GRAO EN LINGUA E LITERATURA INGLESAS	Todas as familias	2 e 3
G5081V01	GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS	Todas as familias	2 e 3

Código	Grao	Familia profesional e nivel mínimo de cualificacións	Niveis
G1011V01	GRAO EN MATEMÁTICAS	Agraria Edificación e Obra Civil Electricidade e Electrónica Enerxía e Auga Fabricación Mecánica Industrias Alimentarias Industrias Extractivas Informática e Comunicaci3ns Instalaci3ns e Mantemento Madeira, Moble e Cortiza Marítimo Pesqueira Química Sanidade Téxtil, Confecci3n e Pel Vehículos Vidro e Cerámica	3
G2051V01	GRAO EN MEDICINA	Actividades Físicas e Deportivas Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade	2 2 e 3 2
G3121V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACI3N INFANTIL	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Comunicaci3n, Imaxe e Son	2 e 3
G3131V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACI3N INFANTIL [L]	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Comunicaci3n, Imaxe e Son	2 e 3
G3141V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACI3N PRIMARIA	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Comunicaci3n, Imaxe e Son	2 e 3
G3151V01	GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACI3N PRIMARIA [L]	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Comunicaci3n, Imaxe e Son	2 e 3
G2071V01	GRAO EN NUTRICI3N HUMANA E DIETÉTICA	Industrias alimentarias Química Sanidade	3
G2061V01	GRAO EN ODONTOLOXÍA	Actividades Físicas e Deportivas Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade	2 2 e 3 2
G2041V01	GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA	Química Sanidade	3 2 e 3



Código	Grao	Familia profesional e nivel mínimo de cualificacións	Niveis
G3081V01	GRAO EN PEDAGOXÍA	Servizos Socioculturais á Comunidade Seguridade e Medio Ambiente Actividades Físicas e Deportivas Comunicación, Imaxe e Son	2 e 3
G2011V01	GRAO EN PSICOLOXÍA	Comercio e Marketing Sanidade Servizos Socioculturais e á Comunidade	2 e 3
G1041V01	GRAO EN QUÍMICA	Química	2 e 3
G3021V01	GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS	Administración e xestión Comercio e marketing Seguridade e Medioambiente	2 e 3 2 e 3 3
G3111V01	GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS [L]	Administración e xestión Comercio e marketing Seguridade e Medioambiente	2 e 3 2 e 3 3
G3171V01	GRAO EN TRABALLO SOCIAL	Servizos Socioculturais e á Comunidade	2 e 3
G2091V01	GRAO EN VETERINARIA	Agraria Industrias Alimentarias Sanidade Seguridade e Medio Ambiente	2 e 3 2 e 3 2 e 3 2 e 3
G3051V01	GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	Administración e xestión Artes gráficas Hostalería e Turismo Comunicación imaxe e son Servizos socioculturais e á comunidade	2
G3031V01	GRAO EN XORNALISMO	Actividades Físicas e Deportivas Administración e Xestión Artes Gráficas Comercio e Marketing Hostalería e Turismo Imaxe Persoal Comunicación, Imaxe e Son Seguridade e Medio Ambiente Servizos Socioculturais e á Comunidade	3



**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS PROBAS PARA Ó ACCESO ÁS ENSEÑANZAS  
UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO PARA AS PERSOAS MAIORES DE 40 ANOS  
QUE ACREDITEN EXPERIENCIA PROFESIONAL OU LABORAL. CURSO 2012-2013.**

APELIDOS ..... NOME: .....

DNI/PASAPORTE: .....

DIRECC. CORREO ELECTRÓNICO:..... Teléfono: .....

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: .. ..

LOCALIDADE: ..... C.P.: .....PROVINCIA: ..... PAÍS: .....

DATA DE NACEMENTO (dd/mm/aaaa): ..... / ..... / .....

ESTUDIOS DE GRAO PARA OS QUE SOLICITARÁ O INGRESO:

.....

ESTUDIOS PREVIOS/ CENTRO:

.....

**A persoa que solicita participar nas probas e asina declara non posuír ningunha titulación académica para o ingreso na universidade por outras vías de acceso.**

....., a ..... de maio de 2012

- **NOTA: O ingreso dos prezos públicos farase exclusivamente mediante o impreso que se xenerará no momento que o interesado presente a solicitude de inscrición no Servicio de Xestión Académica ou na Vicexerencia do Campus de Lugo**

**RECTOR  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

## Curriculum Vitae

### Información personal

Información persoal

Apellido(s) / Nombre(s)

Apellido(s) / Nome (s)

Dirección (direcciones)

Enderezo (enderezos)

Teléfono(s)

Teléfono(s)

Fax(es)

Fax(es)

Correo(s) electrónico(s)

Correo(s) electrónico(s)

Nacionalidad

Nacionalidade

Fecha de nacimiento

Data de nacemento

Sexo

Sexo

### Experiencia laboral

Experiencia laboral

Fechas

Datas

Profesión o cargo desempeñado

Profesión e cargo desempeñado

Funciones y responsabilidades

Principales

Funcións e responsabilidades principais

Nombre y dirección de la empresa o

empleador

Nome e enderezo da empresa ou

empregador

Tipo de empresa o sector

Tipo de empresa ou sector

### Educación y formación

Educación e formación

Fechas

Datas

Cualificación obtenida

Cualificación obtida

Principales materias o capacidades

profesionales estudiadas

Principais materias ou capacidades

profesionais estudiadas

Describe por separado cada empleo relevante que haya desempeñado, comenzando por el más reciente. Suprimir cuando no proceda

Describe por separado cada emprego relevante que teña desempeñado, comezando polo máis recente. Suprimir cando non proceda

Describe por separado cada curso realizado, comenzando por el más reciente. Suprimir cuando no proceda. Debe detallar la duración en horas de cada contenido formativo.

Describe por separado cada curso realizado, comezando polo máis recente. Suprimir cando non proceda

Nombre y tipo del centro de estudios  
 Nome e tipo do centro de estudos  
 Nivel conforme a una clasificación nacional o internacional  
 Nivel consonte a unha clasificación nacional ou internacional

Suprimir cuando no proceda  
 Suprimir cando non proceda

**Capacidades y competencias personales**

Capacidades e competencias persoais

Idioma(s) materno(s)  
 Idioma(s) materno(s)

Otro(s) idioma(s)  
 Outro(s) idioma(s)

Autoevaluación  
 Autoavaliación

*Nivel europeo (\*)*  
*Nivel europeo (\*)*

**Idioma**  
 Idioma

**Idioma**  
 Idioma

Comprensión Comprensión		Habla Fala		Escritura Escritura
Comprensión auditiva Comprensión auditiva	Lectura Lectura	Interacción oral Interacción oral	Capacidad oral Capacidade oral	

(\*) *Nivel del Marco Europeo Común de Referencia (MECR)*

(\*) *Nivel do Marco Europeo Común de Referencia (MECR)*

Capacidades y competencias sociales  
 Capacidades e competencias sociais

Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

Capacidades y competencias organizativas  
 Capacidades e competencias organizativas

Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

Capacidades y competencias técnicas  
 Capacidades e competencias técnicas

Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

Capacidades y competencias informáticas  
 Capacidades e competencias informáticas

Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

Capacidades y competencias artísticas  
 Capacidades e competencias artísticas

Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

Otras capacidades y competencias  
 Outras capacidades e competencias

Describa dichas competencias e indique en qué contexto se han desarrollado. Suprimir cuando no proceda

Describe as ditas competencias e indique en qué contexto se desenvolveron. Suprimir cando non proceda

**Otras informaciones**  
 Outras informacións

Indique en este apartado cualquier otra información que pueda tener relevancia, por ejemplo personas de contacto, referencias, etc.

Indique neste apartado calquera outra información que poida ter relevancia, por exemplo persoas de contacto, referencias, etc.